



SEIN

CAN

CE

LAS

**MEMORIAS DO
ARCO DA VELLA
EN GALICIA**



ORGANIZA
Consello da Cultura Galega

COLABORAN
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade,
Xunta de Galicia

COMISARIADO
Daniela Ferrández
Enrique Latorre

COMITÉ ASESOR
COORDINACIÓN
Carme Adán

MEMBROS
Daniela Ferrández
Enrique Latorre
Marta Lois

COMUNICACIÓN
Cristina Mourinho

COORDINACIÓN DE ITINERANCIAS
Emilia García


DESEÑO GRÁFICO
Ekinocio

TIPOGRAFÍAS
Atlántica Serif, de Marcos Dopico
Novel Display, de Christoph Dunst

IMPRESIÓN MATERIAL GRÁFICO
axeitos &Co

AGRADECIMENTOS
Laura Bugalho
Carlos Callón
Mariám Mariño
Nanina Santos
Fefa Vila






Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia é o título do proxecto expositivo que poñen en marcha o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. A mostra ten un carácter didáctico e divulgativo e fai un percorrido histórico e conceptual sobre a diversidade sexual en Galicia.

A iniciativa está coordinada por Carme Adán, responsable da Sección de Pensamento do CCG, e forma parte das actividades que integran o programa do primeiro *Foro Identidades e Disidencias Sexuais* que busca incrementar o coñecemento das necesidades da poboación LGBTQI, así como os recursos e servizos cos que contan as administracións públicas nesta materia.

O comisariado desta mostra, formado por a Daniela Ferrández e Enrique Latorre, contou co asesoramento de Marta Lois e Carme Adán no proceso de elaboración duns contidos orientados principalmente para a mocidade, que conta cun formato que permite a itinerancia polos distintos centros educativos do país.



É preciso recoñecer que aínda hoxe en día as actitudes e condutas homofóbicas e transfóbicas están profundamente arraigadas na nosa sociedade, expoñendo cun enfoque negativo a moitas persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

Coñecer en profundidade esta realidade e a situación actual, identificando e falando abertamente das necesidades fundamentais do colectivo para poder darlles un resposta e mellorar como sociedade, cunha metodoloxía activa, participativa e inclusiva, é un dos obxectivos do Foro.

María Jesús Lorenzana

CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN
DO EMPREGO E IGUALDADE

FORO IDENTIDADES E DISIDENCIAS SEXUAIS

2022-23

UN ESPAZO PIONEIRO

O Foro Identidades e Disidencias Sexuais, deseñado como un proceso participativo, está conformado por unha mostra representativa de todos os sectores que dunha ou doutra maneira están implicados na xestión, formación, educación, investigación e divulgación sobre a identidade sexual.

A día de hoxe faltan moitos datos para coñecer a situación actual do colectivo LGBTQI en Galicia. Por exemplo, precisamos coñecer que impacto tivo a Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de 2014 e unha vez cartografiadas as necesidades se poderán crear os recursos.

O obxectivo último é lograr un informe onde plasmar a situación da poboación LGBTQI en relación con diferentes liñas temáticas como a participación pública, educación, seguridade, eido laboral, territorio, servizos sociais, pensamento, cultura, memoria, diversidade social e violencias.

Este informe arrinca no convenio asinado en 2021 por Rosario Álvarez e María Jesús Lorenzana.

ENCONTROS DO FORO

XULLO, 2022

Participación pública e celebrárase o 6 de xullo, mércores, no Consello da Cultura Galega.

SETEMBRO, 2022

Seguridade, educación e sanidade.

NOVEMBRO, 2022

Asuntos laborais, territorio, servizos sociais e idadismo.

XANEIRO, 2023


Pensamento, cultura, memoria viva e diversidade sexual.

FEBREIRO, 2023

Violencia que sofre o colectivo LGBTQI.

COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL

Carme Adán
Daniela Ferrández
Enrique Latorre
Marta Lois



O obxectivo último do proxecto é espallar a idea de que a diversidade está presente no ser humano e estivo presente sempre, nas diferentes culturas e que estará sempre. Non é unha cuestión das persoas diversas senón unha cuestión que afecta á toda a cidadanía.

Carme Adán

COORDINADORA DO PROXECTO



De esquerda a dereita: Marta Lois, Susana López Abella, María Jesús Lorenzana, Rosario Álvarez, Enrique Latorre, Carme Adán e Daniela Ferrández.

O PROXECTO EXPOSITIVO

A exposición *Sen cancelas. Memorias do arco da vella en Galicia* está formada por oito seccións de contidos, máis a de introducción, que fan un percorrido histórico sobre a diversidade no país a través dos fitos e as persoas que transitaron o camiño cara a liberdade.

Tamén se abordan temáticas como a propia diversidade, existente desde o comezo dos tempos e presente nas distintas culturas ou a evolución na lexislación que afecta os dereitos e liberdades das persoas LGBTQI.

O proxecto incide a través do relato participativo nas achegas individuais que fan avanzar o movemento colectivo e na importancia de cada un de nós para protexer o que se conseguiu ata o momento en materia de igualdade, facéndonos conscientes da súa fragilidade.

O percorrido remata cun buzón de suxestións no que o alumnado poderá contribuír coas súas ideas ou inquedañas a enriquecer o proxecto.

*Sen cancelas,
porque non hai
identidade e
igualdade se non
hai liberdade.*



PANEL 1

A humanidade, unha especie diversa.

A mostra comeza introducindo o concepto de diversidade, amosando os distintos tipos que existen e afondando na idea de que todas as persoas somos únicas e diversas.

Ademais, a través dunha superficie imantada e 30 conceptos, o alumnado poderá definir que é o que ao seu xuízo o caracteriza esa unicidade persoal.

PANEL 2


Da diferenza á disidencia.


Un percorrido pola diversidade sexual e de xénero a través de diferentes culturas. Explícase a mención das virxes xuramentadas de Albania, os Beraches de América do norte ou o Muxe (ou mushe), termo procedente das culturas zapotecas de Oaxaca (México) que define a persoas que foron asignadas como varóns ao nacer pero que toman para si unha identidade de xénero feminina.

PANEL 3

As que saíron do curro.

A historia de Elisa e Marcela, a de Manuel Buján, ou a de Pedro Díaz e Muño Vandílaz son algunhas das historias que se poden descubrir noutro dos paneis da mostra.






PANEL 4

Camiños de ida e volta.

Sen cancelas tamén ofrece un relato histórico sobre a identidade sexual que arrinca en 1920 e se estende ata o presente. Años amos que houbo momentos de represión e outros de liberdade, e cales foron as consecuencias para aquelas persoas que decidiron a súa diversidade de forma plena malia o contexto.



PANEL 5

Chanzos cara a liberdade.

Neste panel representáanse os fitos que levaron cara a emancipacións dun xeito cronolóxico. Como a creación dos primeiros colectivos de Galicia (entre 1972 e 1982), ou a protesta que tivo lugar en outubro de 1980 fronte á cafetería Manhattan Plaza da Coruña pola expulsión de dous rapaces homosexuais. Nela tamén aparece a primeira manifestación polo Día do Orgullo Gai en Galicia que reuniu máis de 500 persoas e que tivo lugar en Vigo, en xuño de 1981.



PANEL 6

Achegas na igualdade de dereitos.

Esta sección da mostra sitúa o contexto galego dentro do marco global, onde hai 69 países nos que a homosexualidade é ilegal, nalgún deles mesmo castigada con pena de morte. Tamén se inclúen algúns dos fitos lexislativos, tanto a nivel español como galego, que marcan as achegas na igualdade de dereitos, como a modificación da Lei de Rexistro Civil, 3/2007, que permite que as persoas trans que queiran modificar a súa documentación no Rexistro Civil poden facelo cumprindo unha serie de requisitos. Ata este momento, este trámite esixía dun longo proceso xudicial. Con todo, o fito máis destacado é Lei galega de LGBTI (lei 2/2014), que fixo que Galicia se convertera na primeira comunidade autónoma do Estado en aprobar unha lei específica contra a discriminación das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais. Nesta lei recoñécese a necesidade de traballar a prol da igualdade e identifícanse algúns eidos cos que iniciar este proceso como o laboral, o social ou o educativo.



PANEL 7

Referentes de onte e de hoxe.

Espazo dedicado a dar visibilidade a algunha das figuras como as de Laura Bugallo ou Eduardo Blanco Amor, entre outros, que foron referente galegos da diversidade sexual.

Estas persoas represéntanse en paneis silueteados a tamaño real (aproximado) para enfatizar, coa corporeidade, a relevancia das persoas como individuos no relato da diversidade do país.

PANEL 8

Ideas chave e conclusións.

O percorrido finaliza cunha compilación de ideas chave sobre diversidade e o camiño cara a liberdade do ser. Ao carón, un buzón de suxestións fica aberto ás achegas do alumnado.

RECOMENDACIONES DE MONTAXE

1. NON MONTAR A MOSTRA EN ESPAZOS EXTERIORES.
2. ESCOLLER O ESPAZO DESTINADO Á MOSTRA ATENDENDO A CRITERIOS DE SUPERFICIE E CIRCULACIÓN.
3. EMPREGAR A DISPOSICIÓN DE MONTAXE QUE MÁIS SE AXUSTE A ESTE ESPAZO.
4. NON COMPROMETER A ESTABILIDADE DAS ESTRUTURAS CON MONTAXES ALTERNATIVAS ÁS PROPOSTAS INICIALMENTE NESTE DOCUMENTO (consultar outras posibilidades se fora necesario contemplar outra disposición).
5. PRESENTAR AS PEZAS NO LUGAR ANTES DE COMEZAR A ENSAMBLAXE.
6. RECOLLER POR ORDE OS DISTINTOS ELEMENTOS PARA EVITAR EXTRAVIAR PEZAS DE TAMAÑO REDUCIDO (PARAFUSOS, CONECTORES, CHAVES ALEN, ETC.).
7. MALIA QUE A MONTAXE É SINXELA, PODE REQUERIR TEMPO, TER EN CONTA PARA A PLANIFICACIÓN E CONTAR CON 2 PERSOAS MÍNIMO PARA EFECTUALA.

DESGLOSE DE ELEMENTOS E MONTAXE

Os 8 paneis están numerados na esquina superior dereita para facilitar a montaxe. Son pezas de pvc espumado (19 mm de espesor), lixeiras en peso, que se unen entre si a través de conectores de distinta angulación, posibilitando diversas formas de montaxe.

PANEIS

Título (1×2 m)
Presentación (1×2 m)
Créditos (1×2 m)

P2: A humanidade, unha especie diversa (1,5×2m)
P3: Da diferenza á disidencia (1,5×2m)
P4: As que saíron do curro (1,5×2m)
P5: Camiños de ida e volta (1,5×2m)
P6: Chanzos cara a emancipación (1,5×2m)
P7: Achegas na igualdade de dereitos (1,5×2m)
P8: Referentes galegas de onte e hoxe (1,5×2m)
P9: Conclusións e ideas chave (1,5×2m)


FIGURAS TROQUELADAS AUTOPORTANTES

1. Laura Bugalho
2. Eduardo Blanco Amor
3. Nanina Santos Castroviejo
4. Tomás Fábregas
5. Fefa Vila


OUTROS ELEMENTOS

- Cortina cores + perfil
- Buzón
- Caixón para ubicar as tiras imantadas
- 30 tiras imantadas coas palabras
- Conectores paneis
- Soporte figuras autoportantes

UNIÓN DOS PANEIS






ESCOLLER CONECTORES SEGÚN
PLAN DE MONTEAXE
AXUSTAR CON CHAVE ALEN
Diferentes angulacións 90° / 150° / 105° / T



UBICAR SILUETA ENTRE AS BASES FACENDO
COINCIDIR OS BURADOS COS PARAFUSOS
AXUSTAR COAS PALOMETAS

MONTAXE A | CUBOS

VISTA CENITAL



Esta montaxe é a que garante máis estabilidade.

Os paneis forman 3 cubos empregando os conectores de 90º para todas as unións.


Requerirá dunha escaleira para saír do interior unha vez axustados os 8 conectores de cada un.

Colocaremos o caixón ao carón do panel marcado co número 1, coas palabras imantadas sobre el, e o buzón ao carón do panel 8.

As figuras autoportantes distribuiranse diante do panel 7 e poden ubicarse nas proximidades de haber máis espazo.

MONTAXE B | EN L+ U

VISTA CENITAL



Divídense os bloques temáticos en dúas unidades, como no caso anterior, pero un dos paneis en lugar de fechar o cubo, fai un ángulo en L.

Pódense aliar na mesma parede ou en contrarias dependendo do espazo.

A estrutura en cubo do título pode montarse en forma de biombo, está impresa a dúas caras (e prescindir da cortina arcoiris).

Esta montaxe é a que se levou a cabo para a inauguración da exposición e pode verse nas fotografías do dossier.


MONTAXE C | LINEAL DOBRE

VISTA CENITAL

Se o espazo elixido é o suficientemente ancho como para garantir unha correcta circulación pódese monta a estrutura no centro, e arrodarse por fóra para acceder aos contidos.


Para esta disposición empregaranse os conectores en forma de T, deixando para a cara interior a boca sobrante.

De optarse por esta montaxe deben empregarse reforzos perpediculares no interior.



MONTAXE D|EN Z

VISTA CENITAL




A mostra pode montarse en zig-zag. Se se observa algún tipo de inestabilidade, incorporaranse na parte de atrás uns reforzos triangulares con velcro a modo de pé.

A secuencia dos paneis pode alternarse en función de si a circulación vai ser lineal ou enfrontada.



MONTAXE E | ESPAZO ACOTADO

VISTA CENITAL

Esta montaxe busca chegar unha experiencia máis inmersiva creando un espazo expositivo acotado. É ideal para montaxes en lugares amplos cando se desexa facer unha diferenciación de áreas entre o lugar e a mostra. Accédese pasando pola cortina de cores e circúlase polo interior do recinto.



5,5M





Consello
da Cultura
Galega



XUNTA
DE GALICIA